

ANUNCIO

APROBACIÓN O INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN PLURIANUAL DOS ANOS 2024-2027 PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE

Con data 10 de decembro de 2024 ditase a Resolución da Alcaldía número 1176/2024 aprobando o Instrumento de planificación plurianual dos anos 2024-2027 para a redución da temporalidade, co seguinte anexo:

ANEXO

Instrumento de planificación plurianual dos anos 2024-2027 para a redución da temporalidade

1. Introducción

A Constitución española, no seu artigo 103, establece que o obxectivo fundamental da Administración pública é servir ao interese xeral e que ese obxectivo se logre coa garantía de obxectividade e con sometemento ao principio de eficacia.

Neste senso o artigo 69 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), determina que a planificación dos recursos humanos sempre debe ter como obxectivo: “contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, que, entre outras medidas, supón dimensionar adecuadamente a plantilla municipal.

A modernización e mellora da Administración pública e un obxectivo permanente necesario para dar cumprimento a dito mandato, que non pode acadarse sen unha adecuada xestión do principal activo co que conta a Administración, como é o seu persoal, para o cal é necesario implementar políticas de dotación de efectivos de carácter permanente que cubran as necesidades dos distintos servizos e limiten a temporalidade á atención de necesidades estruturais.

Ilo resultado, ademais, do disposto pola Directiva 1999/70 CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES, UNICE e o CEEP, sobre o contrato de duración determinada (en adiante, o Acordo marco), que destaca no seu preámbulo a preeminencia da contratación indefinida como “forma máis común de relación laboral” mellorando a calidade do traballo de duración determinada e evitando os abusos derivados da utilización de sucesivos contratos ou relacións laborais de duración determinada.

Para ilo, a cláusula 4ª do Acordo marco establece a equiparación das condicións de traballo entre

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 689.351 exp. 2024/E003/000002

persoal temporal e fixo con base no principio de non discriminación, salvo a existencia de causas obxectivas que xustifiquen unha diferenza no réxime xurídico de ambas clases de persoal e a cláusula 5ª do Acordo marco prevé a adopción de medidas destinadas a evitar a utilización abusiva de contratos ou relacións laborais temporais.

Para reducir a temporalidade nas Administracións Públicas e como consecuencia dos acordos asinados entre o Goberno de España e as organizacións sindicais máis representativas no ámbito da Administración Pública, contempláronse na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 e na Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, ambos procesos de estabilización e consolidación.

E por último a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, deseñou un conxunto de medidas de reforma da figura do funcionario interino, unha serie de procesos de estabilización co obxectivo de que a taxa de cobertura temporal se sitúe por debaixo do 8% das prazas estruturais.

Unido a ese obxectivo a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023k, dispuxo no se artigo 20.2, apartado 4, que se poderá autorizar, con carácter extraordinario, unha taxa específica para darlle cumprimento ao obxectivo previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego pública, de que a temporalidade no emprego público non supere o 8% das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificado de acordo co instrumento de planificación plurianual co que debe contar.

2. Antecedentes

De conformidade coa artigo 69.2.e) do TREBEP, onde se contempla a posibilidade de que as administracións públicas prevexan a incorporación de recursos humanos a través das súas ofertas de emprego público, de acordo co establecido no artigo 70 da mesma norma e co obxectivo de cumprir coa esixencia legal de que a taxa de temporalidade no Concello de Rianxo se sitúe por debaixo do 8% nas prazas estruturais é necesaria a redacción e aprobación do presente instrumento de planificación plurianual para a redución da temporalidade para contar así cun instrumento adecuado para a correcta planificación dos seus recursos humanos en orden a lograr dito obxectivo.

Por Resolución da Alcaldía, de data 19 de maio de 2022 aprobouse a oferta extraordinaria de estabilización de emprego en execución da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

En execución dos citados acordos, procédese á aprobación das bases comúns de deben rexer os procesos de estabilización aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 1029/2022 de data 28 de decembro de 2022, así como a aprobación das bases específicas da oferta de emprego público extraordinaria de estabilización do Concello de Rianxo que deberán rexer cada convocatoria.

Conforme aos datos obrantes no Servizo de Emprego do Concello de Rianxo, e de acordo coa prazas estruturais ocupadas na actual plantilla orzamentaria, a taxa de temporalidade de prazas estruturais, entendida como % de emprego temporal con respecto ao número total de postos ocupados acada o 6,6% no ámbito do persoal funcionario e o 75% no ámbito do persoal laboral.

Persoal municipal 2024 1 outubro 2024 : 98(21 funcionarios, 77 laborais)
59 postos en estabilización
16 postos laborais -temporais non incluídos na estabilización

Taxa temporalidade : 18,18%

Por outro lado, o número de persoas a xubilarse nos próximos anos en función da idade é o seguinte:

Idade	Persoal funcionario	Persoal laboral	Total
> = 65 anos	0	5	5
Entre 63 e 64 anos	2	3	5
Entre 60 e 62 anos	1	5	6
Entre 55 e 59 anos	3	15	18

Polo que é necesario ter prevista toda a substitución do persoal que se xubilará nos próximos anos.

3. Marco legal

Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 22/1993, de 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego.

Lei 50/1998, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orden social

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.

Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

4. Alcance

O presente instrumento de planificación non suporá necesariamente un incremento do gasto. Por un lado, en tanto a estabilización de emprego temporal só incluírá aquelas prazas que foran ocupadas na forma e requisitos previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e continuaban ocupadas no momento no que se aprobou a oferta de emprego público que daba cumprimento ao citado texto legal, ou ben aquelas prazas de persoal interino que, sendo cubertas conforme á normativa vixente no momento da incorporación, non puideron ser incluídas pola OEP de estabilización atendendo aos criterios temporais da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Por outra parte, artículase o procedemento que se dirixe á cobertura definitiva de prazas de natureza estrutural que están sendo ocupadas por empregados públicos temporais, o que non implica aumento rela do gasto.

Ademais, o resto de medidas que se contemplan van dirixidas a darlle cumprimento ás disposicións legais vixentes sobre o emprego temporal e a deseñar unha estratexia de utilización dos nomeamentos temporais que non eleve a taxa de temporalidade por encima do 8% e sexa compatible coa lexislación aplicable.

As medidas destinadas á substitución dos empregados públicos que van a xubilarse nos próximos anos tampouco deben supoñer necesariamente un incremento do gasto, xa que os empregados públicos que se xubilan soen ter unhas retribucións superiores aos que substitúen, por efecto da antigüidade.

Por último, as medidas que se poidan acordar no futuro, destinadas a permitir a implantación ou ampliación de novos servizos, aínda que supoñan incremento de gasto ten que entenderse que resultan imprescindibles de acordo co disposto no artigo 126.2.b) do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, tal e como ven sendo contemplado polas distintas leis de orzamentos xerais do Estado.

5. Medidas

5.1. Procesos de estabilización

a) De conformidade co disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, apróbase a Resolución da Alcaldía, de data 19 de

maio de 2022 aprobouse a oferta extraordinaria de estabilización de emprego que articula os procesos de estabilización de emprego temporal e en execución da mesma as convocatorias aprobadas para a provisión de prazas de desenvolvan a mesma, o Concello de Rianxo procederá a resolver os citados procesos selectivos conforme ás bases que foron aprobadas e publicadas.

Este procedemento extraordinario e único, por dispoñelo así a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público deberá finalizarse antes do 31 de decembro do 2024 por imperativo legal, mais a vontade deste concello é resolvelo no menor prazo posible.

b) A taxa específica derivada da autorización do artigo 20.dous.4 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado de 2023, supón de feito a autorización dun novo proceso de estabilización, aínda que non coas características do aprobado no 2022, pero que inclúe a todas aquelas prazas que, non estando incluídas no proceso de estabilización anterior, estean ocupadas na actualidade por interinos e, polo tanto, é fundamental estabilizar ditas prazas para acadar o tope do 8% de temporalidade.

5.2. Ofertas de emprego público e outras medidas

a) Ofertas de emprego.

Co obxecto de reducir a taxa de temporalidade por debaixo do 8% nas prazas estruturais e en aplicación do presente Instrumento de planificación, o Concello de Rianxo incluírá nas súas ofertas de emprego público, sempre que a lexislación o permita e non computen aos efectos da taxa de reposición, aquelas prazas que, estando incluídas na relación de postos de traballo, se atopen vacantes e estean ocupadas de forma temporal por terse estimado que era necesaria a súa cobertura.

Tamén se incluírán prazas vacantes cando existan nomeamentos temporais que denoten a existencia de necesidades estruturais, ben polo seu propio carácter ou ben pola reiteración na utilización de nomeamentos temporais para cubrir ditas necesidades, diferenciando as mesmas a efectos do cálculo da taxa de reposición, das que se computen como consecuencia da taxa de reposición de efectivos ordinaria.

O volume de prazas ofertadas deberá permitir a redución da taxa de temporalidade por debaixo do 8% durante o período de vixencia deste plan, debendo tenderse a unha porcentaxe de temporalidade o máis baixa posible.

As ofertas incluírán as prazas necesarias para facilitar a adecuada reposición dos empregados públicos que accederan á xubilación e, así mesmo, no caso de implantación ou redimensionamento de servizos, incluírán as prazas necesarias para permitir o seu desempeño.

b) Procesos selectivos.

O Concello de Rianxo convocará os procesos selectivos para a execución das ofertas públicas de emprego no ano natural a aquel no que se aproben estas.

Só excepcionalmente se aprazará a convocatoria dos procesos selectivos cando non fose posible o anterior ou o aconsellen criterios de racionalidade e eficiencia para permitir o agrupamento de prazas a ofertar.

c) O Concello de Rianxo limitará os nomeamentos temporais por interinidade a aqueles supostos en que as razóns de urxencia e necesidade debidamente acreditadas fagan necesaria a utilización desta figura, ben para cubrir prazas vacantes ou ben para a substitución transitoria dos titulares.

Os nomeamentos pro programas ou figuras equivalentes serán empregados de forma excepcional, previa xustificación da súa necesidade e deberá ponderarse sempre o obxectivo de que a taxa de temporalidade non supere o 8% nas prazas de natureza estrutural, tento en conta a duración prevista dos mesmos, se están a satisfacer necesidades estruturais, as ofertas de emprego públicas aprobadas e os procedementos selectivos en marcha.

Co independencia do anterior, os nomeamentos realizados en execución de plans de emprego ou de reforzo excepcional do cadro de persoal, axustaranse ás modalidades de nomeamento e/ou contratación legalmente previstas e terán en conta que o seu obxectivo é tamén a dinamización do emprego local, así como contribuír ao acceso ao emprego de colectivos con especiais dificultades de contratación, de forma que a súa utilización será limitada e cunha duración taxada (máximo un ano) e computará á hora de determinar a taxa de temporalidade aplicable cando se utilicen para satisfacer necesidades non estruturais.

6. Custos económicos

O Instrumento de planificación elaborado polo Concello de Rianxo, como instrumento necesario para darlle cumprimento ás obrigación legais en materia de consolidación e estabilización do emprego temporal, a eliminación na medida do posible da figura do indefinido non fixo e reducir a taxa de temporalidade a niveis adecuados, non supoñerá un incremento orzamentario para o Concello, ao ofertarse prazas que xa veñen sendo obxecto de cobertura con figuras temporais, xa sexa por programa ou por cobertura de vacante.

7. Prazas a incluír na taxa específica

Á vista do obxectivo de acadar a taxa do 8%, propónse como medida deste plan plurianual a inclusión das seguintes prazas na taxa específica a aprobar na OPE especial do 2024, que será diferente á OPE ordinaria, e que están ocupadas na actualidade por persoal temporal

Esas prazas son as seguintes:

1 . FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO/ SUBGRUPO	CD	QUENDA	OBSERVACIÓNS
CONSERXES	3	AGRUPACIÓN PROFESIONAL	14	CONCURSO OPOSICIÓN	

2. PERSOAL LABORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	CATEGORÍA	TIPO	QUENDA	OBSERVACIÓNS
TÉCNICO -MUSEOS	1	II	FIXO DISCONTINUO XC	CONCURSO OPOSICIÓN	
AUXILIAR DE POLICÍA	2	IV	FIXO DISCONTINUO XC	CONCURSO OPOSICIÓN	
CONSERXE	1	V	XC	CONCURSO OPOSICIÓN	
PEÓNS PRAIAS	7	V	FIXO DISCONTINUO	CONCURSO OPOSICIÓN	2 DISCAPACIDADE

Rianxo, mércores 11 de decembro de 2024.

Asinado o Alcalde, Julian Bustelo Abuin